

## ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

### DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

### LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	<a href="https://meet.google.com/gpo-udxv-qst">https://meet.google.com/gpo-udxv-qst</a>		
Data:	13/11/2023	Hora:	21:30 h

### PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X (21.54 H)	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Aromon	X	
Manuel Pedre Vázquez	Responsable Raids	Gallaecia	X	
José A. Ricoy Bugarín	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X

### ORDE DO DÍA

#### 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

AprobasE a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 19/10/2023 con 6 votos a favor e a abstención de Roberto, xa que xustifica que este estivo ausente na Xunta Directiva do mes pasado.

#### 2. Auditoría Fegado

A presidenta describe algúns dos requerimentos realizados pola Auditoría para que se proceda a súa aclaración.

#### 3. Trofeos Liga O-Pé e sprint 2023

Indica a presidenta que estes trofeos foron deseñados por María Piñeiro e que será Claudia a responsable de imprimilos nunha tenda de A Coruña en cartón pluma. A presidente propón que ademais da entrega do trofeo se pode agasallar con algún detalle máis, como por exemplo unha galleta, proposta que é aceptada pola Xunta Directiva. Engade, que os trofeos do resto das categorías se entregarán na primeira carreira desa modalidade que se celebre o ano 2024.

#### 4. CESAR 2023

Toma a palabra Manuel Pedre para indicar que a viaxe a van realizar nun furgón e que alugaron unha casa para o aloxamento, cuxo prezo xa está metido no presuposto. Indica que existirán uns gastos fixos como a peaxe, o lavado e o gasoil desa furgoneta.

A presidenta indica que aos equipos participantes neste campeonato non se lles entregará a ropa para non facer diferenza con outras modalidades. En base a isto, matiza, que xa se vai encargar esa ropa para todas as seleccións para poder tela no mes de xaneiro-febreiro de 2024.

Acórdase o pago de inscricións de todos os equipos non habendo dereito a dietas para os adultos ou non haber equipo seleccionable.

Celebrarase a tecnificación dos equipos xuvenís correndo a Fegado cos gastos de aloxamento.

#### 5. Bono deporte

Alicia Pérez indica que a Xunta de Galicia vai entregar 120 euros para todas aquelas persoas de entre 6 e 16 anos que se atopen federados e así o soliciten. Este diñeiro tan só poderá ser gastado en materiais e inscricións de probas. Aclara que os gastos médicos (por exemplo, os gastos de fisioterapia) non poden ser incluídos nesta axuda.

#### 6. Asamblea técnica

Jorge Piñeiro será o responsable de mandar o formulario para que os clubs poidan engadir, matizar ou modificar as normas. Procédese á votación para determinar o formato no que se realizará a Asamblea Xeral Técnica (exclusivamente presencial ou presencial e online simultaneamente) resultando con 5 votos a favor opción de que sexa exclusivamente presencial, e 2 votos (Javier Antoñón e Claudia Oreiro) de que sexa nos dous formatos.

#### 7. Rogos e preguntas

A presidenta indica que a FEDO se puxo en contacto con ela para que se nomease ao corredor/a por “xogo limpo”.

Manuel Pedre indica que sería preciso unificar os criterios de España co resto de Europa xa que en España os equipos de raid-élite están compostos por 3 persoas e en Europa por 4 corredores/as. Deste xeito poderíase ter un listado común para os rankings.

Claudia Oreiro expresa o seu malestar coa FEDO xa que indica que a comunicación da FEDO cos clubs cando existe unha consulta/queixa é nula.


Alicia Pérez pregunta se a Fegado paga algo aos participantes galegos/as que están inscritos no curso de xuíz controlador. A presidenta responde que se lles dará unha axuda económica de 20 euros por cada corredor inscrito. Dado que existen 3 galegos inscritos a axuda económica total será de 60 euros.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:39 h do día antes indicado.

#### SINATURAS

Roberto Amarelle Garabán  
Secretario da FEGADO

Vº Bº Sonia Gómez Naya  
Presidenta da FEGADO



Lugar e data:

VIGO , 21 de NOVIEMBRE de 2023